

As traducións de literatura galega no Reino Unido

Situación actual e proxección de futuro (1995-2005)

OLGA CASTRO VÁZQUEZ

Como non podía ser doutro xeito, a traxectoria da literatura galega no espazo anglófono está enmarcada dentro das relacións que poidan darse entre as literaturas de ambos os dous sistemas, pois "non se pode pensar unha literatura sen outras literaturas" (Antón Figueroa 2001: 129). Falar dunha literatura de xeito illado impediría ver realmente cales son as súas dimensións, reais e simbólicas, xa que ningún sistema literario pode existir de xeito normalizado sen o (re)coñecemento interno e externo. Se as literaturas permiten manifestar a identidade propia, a relación entre elas fomenta o darllas a coñecer ao mundo, facendo así que se recoñezan de xeito global. Mesmo en ocasións, sobre todo no caso de literaturas minoritarias coma a galega, a exportación da literatura propia a outros sistemas literarios fortes fai que aumente a valoración e o recoñecemento interno que da propia literatura se ten no propio territorio.

En definitiva, e antes de entrar propiamente na literatura galega en inglés publicada en Gran Bretaña, cómpre dar unha pincelada da situación da nosa literatura en todo o ámbito anglófono, enmarcándoa nunha peispectiva cronolóxica.

Nos Estados Unidos de América déronse proxectos de traducións de obras literarias galegas ao inglés desde o ano 1937, cando se publicou o libro de poesía de Rosalía de Castro *Beside the river Sar* [*En las orillas del Sar*] na Berkeley University of California Press. Da mesma autora publicouse en 1960 o poema "Nasín cand'as prantas nasen", incluído en *The Poem Itself: 45 Modern Poets in a New Presentation*, traducido por John Nins. Dous anos máis tarde, Ángel Flores editou *An Anthology of the medieval Lyrics*; e en 1963, o mesmo autor editou *Laurel Masterpieces of World Literature*, cuxos fragmentos en galego foron traducidos por Janet R. Longland. O libro *Women Poets of Spain 1860-1990. Towards a Gynocentric Vision* saíu á luz en 1977 como un traballo académico da University of Illinois, e inclúe traducións dalgúns poemas de Rosalía de Castro realizadas por John Wilcox. Tamén como traballo académico sobre a literatura de Rosalía de Castro saíu en 1991 o libro *Poems*, que inclúe versos de *Cantares Gallegos* e de *Follas Novas*, traducidos por Anna-Marie Aldaz, Barbara N. Gantt e Anne C. Bromley. A filóloga da Universidade de

Maine, Kathleen March, destaca como unha das tradutoras que máis volumes de fragmentos e obras de literatura galega traduciu ao inglés. Así, en 1991 publicou en *An Anthology of Galician Short Stories: así vai o conto* unha antoloxía de relatos breves galegos de autoras/es como Eduardo Blanco Amor, Carlos Casares, Castelao, Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste, Víctor Freixanes, Anxel Fole, Ursula Heinze, Margarida Ledo Andión, Xosé Luis Méndez Ferrín, Xosé Neira Vilas, Ramón Otero Pedrayo, María Xosé Queizán ou Claudio Rodríguez Fer. A mesma filóloga traduciu *The World Around Us* [*Arredor de si*], de Otero Pedrayo, e publicou en 1995 *Daughter of the sea* [*Filla do mar*], de Rosalía de Castro. Uns anos antes, en 1993, Cerys Evans-Corrales traduciu o libro de Miguelanxo Murado *A Bestiary of Discontent*. E en 1999 Ana M.^a Spitzmesser traduciu *The likeness* [*Semellanza*], de Queizán. Pero ademais de obras en formato libro, destaca a tradución de *From Four to Four* [*De catro a catro*] de Manuel Antonio, que traduciu John Hoover Burns e que viu a luz en 2000 na publicación *Puckerbush Review*. Este mesmo tradutor foi quen en 2001 preparou unha antoloxía para o PEN Clube de Galicia titulada *A poesía é o gran milagre do mundo* [*Poetry is the World's Great Miracle*]. Por último, Overlook Press, de Nova York, está a publicar tamén algunhas das obras de Manuel Rivas que sacou Harvill no Reino Unido, como *The Carpenter's Pencil* e *Into the Wilderness* (do título británico *In the Wilderness*).

No tocante a Irlanda, Peter Waugh traduciu varios poemas da literata Úrsula Heinze, que se publicaron en 2001 na publicación *The Brooding-nagian Times*, de Cork.

Dentro de Canadá, en Toronto publicouse en 1996 un libro recopilatorio, en edición bilingüe, das cantigas de amigo de Martín Códax, en Aliquando Press. E en 2003, a tradutora canadense Erin Moure traduciu o libro poético de Chus Pato *M-Talá*, que se publicou na editorial Nomados de Vancouver baixo o título de *From m-Tala*.

Respecto a Australia, na School of Historical and European Studies da Universidade de La Trobe (Melbourne) destaca o traballo do director do Institute of Galician Studies Roy C. Boland, quen ten amosado interese pola literatura de Alfredo Conde, en concreto na tradución do *Xa vai o grifón no vento* (1984) para o inglés.

Na actualidade, dentro do espazo anglófono, o Reino Unido é sen dúbida o lugar máis dinámico e con máis proxectos de tradución de literatura galega levados a cabo. Pero á hora de facer un repaso da historia da tradución literaria galego-inglés cómpre remontarse a comezos do século pasado. Foi no ano 1909 cando Annette Meaking editou o libro *Galicia, the Switzerland of Spain*, no que se recollen poe-

mas de Rosalía de Castro. Esta iniciativa foi seguida no ano 1922 polo libro *Spanish Galicia*, cunha selección de poemas (de Pero Meogo, Martín Códax, Airas Nunes, Gómez Charíño, Pondal e de Castro) traducidos por Aubrey F. G. Bell. En 1951 Gerald Brenan editou e traduciu *The literature of the Spanish People*, e neste libro de poesía castelá recóllense versos de *Campanas de Bastabales* de Rosalía de Castro. En 1961, José Antonio Balbontín editou o volume *Three Spanish Poets: Rosalía de Castro, Federico García Lorca and Antonio Machado*. Con todo, estas son recompilacións de poesía española e inclúese a autora galega na súa condición de "española". Da mesma autora publicou varios poemas Jack Hill na revista *Dorna*, en 1985. A compañía aérea Iberia encargoulle a Sheila Ingrisano en 1989 a tradución da obra de Álvaro Cunqueiro *Xente de aquí e acolá* (*People from Here and Beyond*), dentro dun proxecto que tiña como principal obxectivo facerlle accesíbel ao público anglófono unha selección de obras españolas. En 1992 a publicación periódica independente galega *Planet Magazine* recibiu unha subvención da Unión Europea para publicar literaturas minoritarias, e de obras galegas publicou un poema de Ramiro Fonte e o conto "Them", de Méndez Ferrín. E finalmente, en 1993 a revista *Donaire* da Consellería de Educación do Reino Unido e Irlanda publicou dous relatos do libro de Manuel Rivas *Un millón de vacas*.

E antes de pasar ás obras obxecto de análise, é preciso mencionar que nas illas británicas tamén se teñen realizado traballos que están sen publicar, entre os que se atopa *Scarecrow Friend*, tradución de Linda Lockart do *Espanallo Amigo* de Neira Vilas, e as traducións de Jonathan Dunne de *Dos arquivos do trasno* de Rafael Dieste, *Retrincos* de Castelao e *Cousas*, do mesmo autor, traballo que Dunne fixo "por gusto, sen cartos. Están sen publicar, pero axudáronme a chegar até onde agora estou".

¹ Comunicación persoal de Jonathan Dunne. De aquí en diante, de non indicar a fonte de referencia trátase dunha comunicación persoal da autora ou do autor citados. O contacto con Jonathan Dunne, Rosa Rutherford e Kate Shearman foi exclusivamente mediante correo electrónico; con Euan Cameron foi unicamente telefónico; con Craig Patterson tratouse dunha conversa persoal e telefónica e tamén de correspondencia electrónica; e con John Rutherford establecei contacto mediante correo electrónico e mediante conversa persoal. Son miñas todas as traducións desde o inglés ao galego das declaracións de Kate Shearman, Jonathan Dunne e Euan Cameron; mentres que no caso das declaracións de Rosa Rutherford, John Rutherford e Craig Patterson manteño os textos e os discursos orixinais en galego. A todos eles e a todas elas agradézolles a súa colaboración e dispoñibilidade.

Este artigo presenta o contexto histórico máis recente (1995-2005) da tradución de textos literarios galegos no espazo británico, á vez que achega unha análise das condicións de tradución e de edición que acompañaron a publicación de cada unha das obras. O obxectivo deste artigo é, dunha banda, destacar a importancia da tradución da nosa literatura cara a outros sistemas coma o británico, na medida en que contribúe a aumentar a autoestima do propio sistema literario e cultural galego. E da outra, abrir novas liñas de investigación para estudos posteriores que aprofonden no tema.

This article presents the most recent historical context (1995-2005) of the translation of Galician literary texts into a British framework. It also provides an analysis of the translation and editing conditions that have had an influence on each book. The aim of this article is twofold: Firstly, to stress the importance of the translation of Galician literature into other literary systems like the British one because it helps develop our pride and identity in our literary and cultural Galician system. Secondly, to open new fields of research so that subsequent studies can delve into this topic in more depth.

Descrición e reflexión sobre as obras obxecto de análise

Despois desta contextualización do panorama das traducións de obras literarias galegas ao inglés, centrarei a análise nas obras traducidas no Reino Unido nos últimos dez anos (1995-2005). En primeiro lugar, hei proceder á descrición das obras; posteriormente, centrarime na análise sobre as políticas de edición en xeral que se seguen no Reino Unido respecto das traducións de obras literarias galegas, dándolle especial relevancia ao feito de que, en sistemas minoritarios coma o galego, as relacións co estranxeiro se valoran polo seu contido pero tamén simplemente como feito en si mesmo; en terceiro lugar, reflexionarei sobre o papel de tradutores/as de galego a inglés e de editores británicos que publican traducións galegas por seren intermediarios que dan a coñecer a existencia da literatura galega nun país cunha "gran" literatura; e finalmente, verei a recepción dos textos galegos traducidos, tendo en conta as tiraxes, as promocións e recensións en prensa, e mais as tomas de iniciativa.

Obras recopilatorias de poesía galega

As cantigas medievais en galego-portugués interesaron ao tradutor e especialista neste tipo de literatura Richard Zenith, que en 1995 editou e traduciu (facendo unha edición bilingüe) o libro recopilatorio titulado *113 Galician-Portuguese Troubadour Poems in Galician-Portuguese and English* na editorial Carcanet de Manchester. A iniciativa de facer este libro xurdiu de Zenith, un estudo da literatura medieval e dos cancioneros, e tamén un especialista en tradución do portugués ao inglés, motivo polo que xa antes da publicación deste libro tiña relacións coa editorial Carcanet, en especial para publicar traducións dentro da colección *Aspects of Portugal* (como a tradución de Pessoa *Book of Disquietude*).

No que atinxe á tiraxe, na actualidade o libro está descatolado, pois venderonse todos os exemplares editados. Era posíbel mercalo en librarías virtuais, na propia web de Carcanet e en librarías especializadas, ás que Carcanet distribuíu a través do Littlehampton Book Services Ltd (Worthing).

To visit me the Sea. Galician Poetry 1930-1996. Jack Hill foi o editor e o tradutor desta recopilación de poesía galega de entre 1930 e 1996. O libro editouse na Essex University Hamlet Press, en Colchester. Jack Hill é investigador e profesor de literatura no departamento de Hispanic Studies na Universidade de Essex e del foi a iniciativa de publicar esta escolma de poemas galegos no servizo de publicacións da universidade, baseándose ademais en que constituía material académico necesario para usar durante as súas aulas. O labor de Hill é tamén coñecido en Gali-

za por traducir relatos ao inglés para a *Revista da Asociación de Tradutores en Lingua Galega* e por publicar poesías de Rosalía de Castro na revista *Dorna*.

Literatura considerada narrativa "española"

Merlin and Company publicouse o 3 de xuño de 1996 na editorial Everyman de Londres, nunha edición de 240 páxinas e con tapa rústica. Segundo explica Kate Shearman, directora editorial de Orion Books (grupo ao que na actualidade pertence Everyman), en 1996 "a empresa tiña un programa máis activo para publicar traducións de ficción literaria relativamente descoñecida. Traduciron do español varios libros considerados clásicos interesantes por mor do seu tema. Neste caso, Merlin é unha lenda exótica".

Por este motivo, a editora responsable desta colección naquel momento buscou libros en castelán para traducilos ao inglés que estivesen considerados como clásicos, e atopou na lenda de Merlin exactamente o que buscaba. Así, consideraban a Álvaro Cunqueiro un brillante escritor español, como demostra que na páxina web de Orion Books afirman que "the last legend of Merlin remains a spell binding tribute to the storytelling skills of one of Spain leading authors" ("a derradeira lenda de Merlin fica coma un meigallo que lle rende tributo á mestría dun dos autores españois máis importantes" (Orion Publishing Group). Unha vez que se decidiu traducir a obra e se compraron os dereitos, encargáronlle a tradución a Colin Smith, que tomou como texto orixinal a tradución ao castelán de *Merlin y familia* para preparar a versión ao inglés. Tras a incorporación de Everyman ao grupo editorial Orion Books, Shearman asegura que "xa non publicamos neste ámbito: é demasiado específico para unha editorial máis xeral".

A iniciativa neste caso tomouna a editorial Everyman (agora absorbida por Orion Books) que tiña entre as súas políticas editoriais dos 90 a de distribuír para un público do sistema educativo e para as bibliotecas, sen buscar de xeito prioritario e exclusivo o gran beneficio económico. Daquela, *Merlin and Company* fíxose seguindo criterios de innovación literaria sobre todo, e criterios comerciais en segundo termo.

Extractos publicados en revistas

Na revista da embaixada española *Donaire* publicáronse varias traducións de fragmentos literarios galegos, de temática e xéneros diversos.

En 1997 o Translation Workshop do Centre for Galician Studies de Oxford publicou nesta revista o poema "Navy Bar" ["Navy Bar"] da obra poética de Manuel Antonio *De catro a catro. Follas sin data dun diario de abordo*, en bilingüe

galego-inglés. E nese mesmo volume, para deixar constancia da variedade de estilos e xéneros que caben en *Donaire*, Richard Zenith traduciu "Song about Provençal Poets" ["Cantiga dos poetas provençais. Cantiga d'amor"] do trobador galego-portugués Denis, rei de Portugal, tamén en bilingüe. Un ano máis tarde, Tony Escasany (especialista en literatura brasileira) traduciu o fragmento de Casares "I'm going to be blind" ["Vou quedar cego", de *Vento Ferido*].

Respecto ás responsabilidades, algúns dos fragmentos publicados na revista *Donaire* da embaixada española foron iniciativa conxunta dos tradutores/as e do consello editorial da publicación, formado entre outras persoas por David Mackenzie (director do Centre for Galician Studies de Irlanda) ou John Rutherford (director do centro homólogo de Oxford). En canto á distribución de *Donaire*, esta revista vai dirixida a un público moi específico, de orixe hispánica na súa maioría, polo que non contribúe de forma directa ao espallamento da literatura galega entre o público inglés (aínda que si pode facelo indirectamente). Afirmase nos estatutos da publicación dispoñíbeis na páxina web que "Donaire va dirixida preferentemente a hispanistas y profesorado de español del Reino Unido e Irlanda. Difunde estudos sobre la enseñanza del español, literatura y cultura del ámbito hispánico en general [...] publica entrevistas con personas del ámbito hispánico y da a conocer la política de las lenguas en estos" (Enrique Wulff e María Jesús Cebrián 1998).

Galician Review. Nesta publicación anual que editaban conxuntamente os centros de Oxford e de Birmingham publicouse no ano 2000 a tradución do poema de Claudio Rodríguez Fer "Beyond and Other Poems" ["Máis alá e outros poemas"]. As tradutoras/es foron Diana Conchado, Kathleen March, Julian Palley e Jonathan Dunne.

Neste caso, a iniciativa foi tanto das/os tradutoras/es como dos directores da publicación: os poemas traducíronos persoas do Translation Workshop de Oxford, e os directores son John Rutherford e Derek Flitter, directores do Centre for Galician Studies de Oxford e de Birmingham respectivamente. A publicación periódica *Galician Review* tiña unha tiraxe modesta, pero todos os seus exemplares adoitábanse colocar, por unha banda, entre os membros dos centros de estudos galegos de Oxford e de Birmingham e mesmo doutros centros galegos e, pola outra, enviándoos a bibliotecas e centros universitarios nos que se impartían estudos galegos.

Obras publicadas pola editorial galega Planet Books

A publicación da escolma de relatos de Xosé Luís Méndez Ferrín, agrupados baixo o título de *Them and Other Stories*, foi froito da converxencia de varios

factores. Por unha banda, no obradoiro de tradución do Oxford Centre for Galician Studies, baixo a dirección de John Rutherford, estaban a traballar na tradución de diversos textos galegos. Pola outra, no ano 1992 a empresa de publicación galega Planet Magazine obtivo unha subvención para producir unha edición especial europea dedicada á poesía e á ficción de Bretaña, Dinamarca e Galiza. E John Barnie, editor de Planet Magazine, púxose en contacto con Dolores Vilavedra para que esta escollese un/unha poeta e prosista galego/a contemporáneo/a; ela escolleu unha poesía de Ramiro Fonte e o conto "Eles" de Méndez Ferrín. A converxencia entrambos os dous factores produciuse cando Barnie se puxo en contacto con John Rutherford para pedirle que fixesen no obradoiro de Oxford as traducións dos textos seleccionados de Méndez Ferrín e de Fonte. Iso foi o que aconteceu, propiciando o comezo dunha relación entre Barnie e Rutherford.

Así, cando uns anos despois o grupo de publicacións Planet Magazine decidiu dedicarse, ademais de a publicar a súa revista, á edición de libros, Barnie lembrouse de Rutherford e pediulle ao seu equipo (formado naquel entón por Xels de Toro e por Benigno Fernández Salgado, entre outras persoas) que traducisen máis contos de Méndez Ferrín para así poder publicalos todos xuntos nun libro. De todo ese labor e traballo xurdiu *Them and Other Stories*, que viu a luz en outubro de 1996 nunha edición de tapa rústica e 271 páxinas, e para o que Planet Books recibiu unha subvención da Xunta de Galicia².

Tres anos despois da publicación de *Them and Other Stories*, John Rutherford dirixiuse de novo ao

² Dentro desta compilación destacan algúns poemas de Xosé María Álvarez Cárceño como "We must still speak of the house by the sea" ("Hai que falar aínda da casa fronte ao mar", de *Luminoso lugar de abatimento*), "I inhabit the ruins of cloistered towers" ("Vivono pardiñeiro das torres clausuradas", de *Luminoso lugar de abatimento*) ou "Three Ways to Kill Sadness" ("Tres instrumentos para matar a tristeza", de *Cimo das idades tristes*). Do poeta Salvador García Bodaño, Jack Hill escolleu "Those musical mornings" ("Aqueles mañás de música", de *Tempo en Compostela*) e "Compostela is a long street" ("Compostela é unha rúa longa", de *Tempo en Compostela*).

³ En *Them and Other Stories* inclúense os contos "Philoctetes" ["Philoctetes"], "The Gate" ["A cancela"] e "Grieth" ["Grieth"] da obra *Percival e outras historias* (1958); "Men and the night" ["Os homes e a noite"] de *O crepúsculo e as formigas* (1961); *Return to Tegen Ata* (1971); "Labyrinth" ["Labirinto"] e "Partisan 4" ["Partisan 4"] de *Elipsis e outras sombras* (1974); "Coffee Liqueur" ["Licor-café"] e "Sibila" ["Sibila"] de *Crónica de nós* (1980); "Cold Hortensia" ["Fría Hortensia"], "Arthur's Love" ["Amor de Artur"] e "A family of Surveyors" ["Familia de agrimensores"] de *Amor de Artur* (1982); e de *Arraianos* (1991) seleccionáronse os contos "Them" ["Eles"], "The old House of Arranhão" ["Quinta Velha de Arranhão"], "The Monk of Diabelle" ["O exclaustro de Diabelle"], "Elastic Boots" ["Botas de elástico"], "Lobosandaus" ["Lobosandaus"] e "The Castle on the Moors" ["O castelo das poulas"].

editor de Planet Books para presentarlle o proxecto de tradución de *Cousas*, de Castelao, iniciativa que xurdiu do tradutor Craig Patterson. A resposta do editor non se fixo agardar e, confiando totalmente no xuízo literario de Rutherford e na calidade profesional do equipo de tradutores/as que estaban no Translation Workshop de Oxford, aceptou o proxecto de facer *Things*, para o que contou tamén cunha subvención da Xunta de Galicia. Planet mercoulle os dereitos a Galaxia para publicalo en inglés, e de *Cousas* saíu *Things* (grazas ao labor de Patterson, Kirsty Hooper, Isabel Mancebo Portela e Manuel Puga Moruxa) o 27 de febreiro de 2001 cunha encadernación rústica e 97 páxinas.

A obra *Vento ferido* de Casares tamén pode ser lida en inglés baixo o título de *Wounded Wind*, despois de que o 4 de maio de 2004 a editorial Planet Books a publicase nunha edición con encadernación rústica de 79 páxinas. Neste caso, a idea de traducir a obra de Casares xurdiu da tradutora, Rosa Rutherford, que despois de estudar *Modern Languages* na Universidade de Exeter marchou a Vigo para cursar a licenciatura de Tradución e Interpretación. Como proxecto de fin de carreira para estes estudos decidiu traducir *Vento ferido*, e unha vez rematado o traballo académico púxose en contacto coa editorial Planet Books. A pesar de que a editorial galesa non contou con ningunha subvención para publicar esta obra, Bernie decidiu aceptar o reto que lle propuñan pois, segundo comenta, “despois de publicarmos *Them* e *Things* decatámonos de que tiñamos, case por casualidade, os comezos dunha serie de clásicos galegos modernos, e *Wounded Wind* semellaba encaixar moi ben nesta serie”.

Recapitulando a información exposta, en canto ás políticas de edición de Planet Books, cómpre lembrar como foi a toma de iniciativas. En 1992 o editor do grupo Planet Magazine tivo a iniciativa de solicitarlle unha subvención á Unión Europea para difundir culturas minoritarias, en concreto a bretoa, a dinamarquesa e a galega. Trátase, pois, dun compromiso cultural de Bernie coas literaturas minoritarias, mais non en particular coas obras galegas.

Con motivo da expansión do grupo de edicións, que pasou de só publicar a súa revista, *Planet Magazine*, a sacar tamén libros, o editor galés Bernie tomou a iniciativa de publicar e editar unha obra da literatura galega en inglés. Con ese fin Bernie dirixiuse ao director do grupo que traducira galego-inglés para aquel número especial da revista e encargoulle a tradución doutros relatos dese mesmo autor (Méndez Ferrín) para publicalos nun libro. O si inmediato de Rutherford veu motivado pola necesidade de “facér que este grande escritor chegase ao público lector inglés, facendo versións dos seus contos

que fosen a un tempo fieis e escritas coa mesma forza con que el o fai”, segundo el mesmo sostén. No entanto, non foron motivos económicos os que levaron a Bernie a encargarse a tradución, senón que

decidimos publicalo porque queriamos que os libros de Planet reflectisen o abano internacional de intereses da nosa revista, e porque eu considero que os pequenos países coma Gales poden aprender da literatura e cultura doutras nacións pequenas dun xeito en que non poden aprender doutras nacións máis grandes e prominentes. [...] Fixémolo por compromiso cultural e porque caíñ na conta do maravilloso escritor que é Ferrín. Estaba claro desde o comezo, por moitas razóns, que o libro non sería moi rendíbel desde un punto de vista comercial.

Logo de sacar esta obra, Bernie deulle a entender a Rutherford a súa disposición a seguir editando obras de autores e autoras galegas, como el mesmo manifesta: “Decidimos publicar máis libros de autores e autoras galegas porque sentiamos que estabamos perante unha tradición literaria apaixonante da que case ninguén en Gales tiña coñecemento”. E John Rutherford viu en Planet “un compromiso cultural, sobre todo, e unha solidariedade entre culturas consideradas marxinais: a galega e a galega”. Disto dedúcese que o editor deixou as portas abertas para que as/os tradutoras/es tomasen a iniciativa en vindeiras ocasións. E así foi. Patterson propúxolle ao Translation Workshop de Oxford do que formaba parte traducir *Cousas*, sendo o seu obxectivo “facér dispoñíbel en inglés esa obra clásica galega, que en moitos sentidos representa a identidade galega”. Por medio de John Rutherford contactaron con Bernie, un “verdadeiro heroe da difusión de literaturas periféricas e estranxeiras no Reino Unido” (Patterson 2006: 5) que aceptou a proposta.

Máis tarde, Rosa Rutherford, despois de traducir o *Vento ferido* de Casares con obxectivos académicos, contactou con Bernie de novo para publicar esta obra, pois a tradutora consideraba que Planet

ten ante todo un compromiso cultural coas literaturas minoritarias do mundo: se quixeran publicar por criterios comerciais exclusivamente dedicaríanse a outro tipo de literatura. John Bernie é unha persoa moi interesada na boa literatura doutras culturas, con interese en achegarlle ao público inglés literatura minoritaria e en gran parte descoñecida de sitios como Galiza.

En definitiva, o editor tomou a iniciativa, en primeiro lugar, para publicar obras de literaturas minoritarias por un compromiso cultural con elas.

Despois, ao coñecer a calidade do traballo de Méndez Ferrín, tomou a iniciativa de encargarse a tradución doutros relatos. Finalmente, deixou a porta aberta a que tradutores/as propuxesen traducións de libros galegos ao inglés, xa que como el mesmo di “agora temos os comezos dunha serie de clásicos galegos modernos”. Por iso Patterson ve en Planet Books a editorial na que publicar a súa tradución do *Sempre en Galiza* de Castelao, que prepara na actualidade porque considera fundamental esta peza “para que os pobos da anglofonía, desde Inglaterra até os Estados Unidos, comprendan que non extremo máis occidental de Europa hai unha cultura milenaria, unha xoiá por descubrir” (Ramón Loureiro, 2002). Igual valoración positiva da editorial galesa fai John Rutherford, quen comenta que

traballar con Planet é todo un pracer: todo o fan con seriedade, eficacia e amabilidade, cousa que non podo dicir doutras editoriais máis coñecidas coas que publiquen traducións [*El Quijote*, *La Regenta*]. As grandes editoriais, dominadas por consideracións comerciais, non queren saber nada de culturas minoritarias, e se publican é porque ven que poden sacar beneficios económicos⁴.

Sen dúbida, o labor de Bernie lembra ao de editoras/as galegos/as que nos anos 70 e 80 loitaban por facer forte un sistema literario galego aínda feble, motivados

polo compromiso cultural —e nalgúns casos tamén político— de diferentes grupos ou de particulares. Hai moito de voluntarismo e empeño idealista, pero tamén hai [...] escasa e non sistemática produción e pouca demanda e escásísimo consumo (María Dolores Cabrera 1993: 54).

No referente ás tiraxes, as de Planet Books son moi modestas. Primeiro, porque esta editorial pequena e periférica publica libros galegos por pertenceren a un sistema literario minoritario, isto é, por compromiso cultural. E segundo, porque malia ter unha moi boa distribución en Gales a través do Welsh Books Council, fóra de Gales dispón dunha distribución moi limitada, reducida á librería virtual Amazon e ás vendas que poidan facerse a través da propia web da editorial. Como di o seu director,

as traducións desde linguas minoritarias que actualmente non estean de moda son moi difíciles de promover e vender, e por suposto que aínda é o dobre de difícil para unha editora pequena con sede en Gales como somos nós, pois sufrimos un dobre prexuízo por sermos galeses e,

en consecuencia, por estar na periferia da escena cultural dominada por Londres.

Conscientes da limitación de facerlle chegar os seus libros a unha audiencia máis ampla, Bernie intentou que algunhas editoriais londinienses se interesasen por publicar *Them* and *Other Stories*, sobre todo en vista da candidatura de Ferrín ao premio Nobel. A maior parte desas editoriais nin se molestaron en contestar. Explicao Bernie: “Intentamos convencer a unha das editoriais máis grandes de Londres para que retomase a nosa edición de Ferrín porque el merece ter unha audiencia moito máis numerosa da que nós lle podemos fornecer, pero non demostraron ter nin o máis mínimo interese”.

Así, de *Them* publicáronse 500 exemplares, e até decembro de 2005 vendéronse 264; publicáronse de *Things* 350 libros, vendéndose 205 até esa mesma data; e de *Wounded Wind* tamén saíron do prelo 350 exemplares, dos que se venderon 82.

A publicidade tamén inflúe poderosamente sobre a recepción dunha obra. Ningún dos libros ou publicacións obxecto de análise foi promovido en feiras de libros, constituíndo o maior labor de promoción as propias páxinas webs das editoriais. No entanto, os libros galegos editados por Planet Books son expostos de xeito continuo e con anuncios grandes na revista *Planet Magazine*, da mesma editorial e tamén de difusión limitada. No que atinxe á valoración en prensa, destaca que se recibiron moi ben en Gales, aínda que en Inglaterra (e probablemente no resto do Reino Unido) pasaron totalmente desapercibidos, como comenta Bernie: “Os libros tiveron unhas críticas moi favorábeis na prensa literaria galesa, malia que foron completamente ignorados en Inglaterra”. Mostra disto é por exemplo a crítica de Katie Gramich, da revista especializada *Books in Wales*: “If you are reluctant to read works in translation, buy this book and have your eyes opened. This is the best collection of short stories I have read for a very long time”. (“Se es remiso/a a ler obras traducidas, merca este libro e mantén os teus ollos ben abertos. Esta é a mellor colección de historias curtas que teño lido en ben tempo”) (Méndez Ferrín 1996: cuberta posterior). Patterson lamenta que esas boas críticas se limitasen a Gales, e cita a John Rutherford, cando este explica que “the reviews were all positive, but appeared in the Welsh national press. Copies were as a matter of course sent to the English press, that is to say,

⁴ Cursiva miña.

the London press. The London press remained silent" ("as críticas foron todas positivas, pero apareceron tan só na prensa nacional galega. Por suposto que se lle enviaron copias á prensa inglesa, é dicir, á de Londres. Pero a prensa londiniense ficou calada") (Patterson 2006: 5).

Obras publicadas pola londiniense Harvill Press-Random House

No ano 2000 Harvill Press era unha editorial independente con central en Londres, que destacaba por ser unha das que, no Reino Unido, máis traducións cara ao inglés publicaban, como pon de manifesto o seu editor para literatura española e francesa, Euan Cameron: "Harvill ten unha longa tradición de importar literatura estranxeira de calidade, e é eloxiada por iso, en particular o seu fundador, Christopher McLehouse". Neste contexto, Cameron ofú falar dun tal Manolo Rivas e decidiu que quería comprar os dereitos de tradución ao inglés d'*O lapis do carpinteiro*. En palabras de Cameron, "foron a esposa de José Saramago [*Pilar del Río*] e o editor español Juan Cruz quen me faláron dos libros tan extraordinarios de Rivas. Lin en castelán *El lápiz del carpintero*, e decidín que quería traducir a obra orixinal ao inglés"⁵.

O azar quixo que, precisamente nesa época, o tradutor independente Jonathan Dunne se puxese en contacto con Harvill para falar da posibilidade de publicar varios libros que el traducira: *Dos archivos*, de Dieste; e *Retrincos e Cousas*, de Castelao. Dunne non tivo éxito nese intento (na actualidade os libros seguen sen estar publicados), pero en Harvill comunicáronlle que precisaban a alguén que traducise desde o galego, pois querían darlle saída á obra de Rivas. Xa que logo, Dunne estaba no lugar e intre aceitado para acabar converténdose no tradutor do autor coruñés, nunha relación que comezou formalmente ao asinaren o contrato para traducir o que sería *The Carpenter's Pencil*.

Butterfly's Tongue. Cando xa estaba traballando Dunne na tradución d'*O lapis*, o filme *A lingua das bolboretas* de José Luis Cuenda estaba a piques de se estreir nos cinemas do Reino Unido. Nunha manobra hábil, a editorial independente Harvill Press fixose tamén cos dereitos de tradución de *¿Que me quieres, amor?* co obxectivo de publicar rapidamente os tres relatos de Rivas que o director de cinema utilizou para o guiñón do filme: "A lingua das bolboretas", "Un saxo na néboa" e "Carmíña". O obxectivo, segundo asegura Cameron, era "sacar proveito da película. Era unha oportunidade magnífica de conseguir publicidade para Rivas antes de que saíse o libro *The Carpenter's Pencil*". O factor tempo era fundamental, e o editor de Harvill púxose en contacto coa tradutora de español a inglés

Margaret Jull Costa, que xa traducira o relato "La lengua de las mariposas" para unha revista estadounidense; e Dunne (que estaba a traballar daquela n'*O lapis*) traduciu desde o galego ao inglés os outros dous contos⁶. Coa tradución destes tres relatos fíxose o libro de tapa rústica e de 60 páxinas *Butterfly's Tongue*, que saíu á venda o 17 de xullo dese mesmo ano 2000.

The Carpenter's Pencil. Cando saíu *Butterfly's Tongue* Dunne seguía a traballar na tradución d'*O lapis do carpinteiro*. A primeira edición do libro saíu á venda o 26 de xaneiro de 2001, e era de tapa dura. O 10 de xaneiro de 2002 saíu unha segunda edición da obra en cuberta rústica. En 2003 a editorial Harvill pasou por graves problemas financeiros, e finalmente mercouna o grupo editorial Random House. Este grupo ten un "selo editorial" (*imprint*) para edicións en encadernación rústica, que é Vintage. E entón, desde a fusión de Harvill e Random House, todas as obras que publica a primeira son editadas tamén por Vintage arredor dun ano despois. Así pois, o 2 de xaneiro de 2003 *The Carpenter's Pencil* saíu por terceira vez no Reino Unido da man de Vintage, nunha nova edición de tapa rústica e de 176 páxinas⁷.

Vermeer's Milkmaid and Other Stories. *¿Que me quieres, amor?* é o título dun libro de Manuel Rivas, e tamén o título dun dos moitos relatos curtos que o conforman. Na tradución ao inglés escolleuse o título doutro relato para darlle nome á obra, e ese foi o de "A leiteira de Vermeer". Así, *Vermeer's Milkmaid and Other Stories* converteuse o 10 de xaneiro de 2002 na tradución inglesa do *¿Que me quieres, amor?* galego, nunha edición de 192 páxinas con tapa rústica. De novo, foi a editorial Harvill (afnda independente) por medio do editor Cameron quen decidiu facer a tradución, movida polo bo índice de vendas de *Butterfly's Tongue* e sabendo que os tres relatos da aclamada obra estaban incluídos en *Vermeer's Milkmaid*, de deste xeito se convertían en ganchos cos que poder asegurar unha saída comercial razoábel.

Unha vez decidido que se ía editar o libro, Cameron púxose en contacto con Dunne para que este traducise os novos relatos curtos. A fin de contas, *Vermeer's Milkmaid* foi maioritariamente traducido por Dunne, malia que fora Margaret Jull Costa quen traducira desde o castelán o relato "Butterfly's Tongue". Como xa comentei, desde que Harvill pasou a formar parte de Random House tornouse habitual que Vintage publicase unha versión dos seus libros. Iso fixo que o mesmo día que Vintage sacou *The Carpenter's Pencil* (2 de xaneiro do 2003) publicase tamén unha reimpresión de *Vermeer's Milkmaid*, en tapa rústica, de 128 páxinas.

O 30 de xaneiro de 2003 Harvill publicou *Into the Wilderness*, a tradución en inglés da nove-

la de Rivas *En salvaxe compañía*. De novo o proceso de edición foi o mesmo que se seguiu para a publicación dos outros libros do coruñés, como constata Cameron: "Escollín *En salvaxe compañía* porque quería sacar outro libro escrito polo autor. Pregunteille ao seu axente se estaba a preparar algo, e díxome que Rivas non tiña proxectos no curto prazo. A súa calidade é tan boa, que decidín escoller este libro". Cameron decidiu publicar o libro de acordo a criterios de calidade literaria, e daquela púxose en contacto con Dunne para levar a cabo o proxecto. Un ano máis tarde, o 1 de xaneiro de 2004, Vintage sacou unha segunda edición da obra, tamén en rústica⁸.

Segundo explica Cameron, Harvill Press recibiu subvencións do Goberno do Estado español (e non da Xunta de Galicia) para a publicación de todas estas obras, agás *Butterfly's Tongue*, xa que ao xestionar tan precipitadamente a publicación non tiveron tempo para solicitar ningunha axuda.

Ao abordar as políticas de edición de Harvill, cómpre falar da relación desta editorial londiniense coa literatura galega, que xurdiu de man do editor Cameron. Harvill era no ano 2000 unha editorial independente cunha tradición ás costas de importar literatura estranxeira de calidade, cofecida ou non, con proxeccións de vendas relativamente razoábeis, pero sen que a súa carencia fose motivo para desbotar a idea de traducir unha boa obra. Mais desde que, en 2003, Harvill foi absorbida polo grupo Random House, as restricións ou limitacións comerciais son cada vez máis importantes, o que non é moi prometededor de cara ao futuro de traducións de obras galegas.

Cameron foi quen lle mercou ao axente de Rivas (Oficina del libro) os dereitos de tradución ao inglés para todo o espazo anglófono d'*O lapis do carpinteiro*, aconsellado por Juan Cruz e por Pilar del Río, e seguindo a política editorial de Harvill de importar literatura estranxeira de calidade para facerla accesíbel ao público inglés. Despois dun contacto fortuito co que sería o tradutor de Rivas (Dunne), e de decidir que fose el quen fíxese a tradución desa novela ao inglés, estreouse no Reino Unido o filme de Cuenda *A lingua das bolboretas*, e Cameron rapidamente volveu tomar a iniciativa para editar en inglés os relatos de Rivas nos que se basea o filme. Así, mediante esta manobra comercial, dábbale publicidade ao escritor galego e facíallo coñecido ao público inglés para que fose receptivo á chegada da próxima novela que se estaba a preparar daquela, *The Carpenter's Pencil*. E a estratexia funcionou, en parte pola promoción que se lle fixo na rede de librarías Waterstone's, da que falarei máis tarde. O público británico (unha pequena parte, obviamente, dadas as tiraxes reducidas de Harvill) xa coñecía a Rivas.

Os boísimos índices de venda do primeiro libro (esgotouse a edición) e mais do segundo (arredor de 2.200 vendas de 3.000 copias editadas), e o feito de ter xa comprados os dereitos de tradución, fixo que Harvill se decidise a traducir *¿Que me quieres amor?* ao completo. Cameron contactou de novo con Dunne para traducir do galego ao inglés a obra do autor coruñés. O propio tradutor afirma que o fixo movido pola súa intención de "levar o traballo creativo de Manolo até unha audiencia anglófono. Póñelo á disposición doutras persoas para que poidan compartilo". Cameron volveu tomar a iniciativa de seguir encargándolle ao tradutor Dunne novas obras do autor galego, caso de *En salvaxe compañía*, e facendo fincapé sempre en que son obras feitas "polo autor de *The Carpenter's Pencil*". Cameron foi tamén o responsábel de promover novas edicións de obras de Rivas en Overlook Press (Nova York) e afirma estar moi interesado en futuros traballos de Rivas para publicalos en inglés: "Oeste será o próximo libro de Rivas. E podo afirmar que, case con toda seguridade, Harvill (e Random) hano publicar en inglés". No entanto, desde a editorial londiniense non están interesados na literatura galega como literatura con identidade propia, senón que editan libros galegos seguindo un criterio máis comercial ca ningunha das anteriores editoriais analizadas, traducindo autores/as que poidan "vender ben" (malia afirmaren no seu departamento comercial que as vendas de literatura galega existentes nos seus catálogos non son brillantes), independentemente do sistema literario ao que pertencen. Iso, por suposto, partindo da base de que estas obras teñan unha boa calidade literaria.

⁵ Cursiva miña.

⁶ Así, a tradución de Margaret Jull Costa e a de Colin Smith de *Merlin and Company* convértese nas únicas obxecto de análise que se fan desde a versión en castelán da obra orixinal. Trátase esta dunha práctica bastante frecuente no pasado, como demostra o feito de que se adoitase traducir a Rosalía de Castro desde o castelán para editar libros recopilatorios de "Spanish Poetry".

⁷ Malia que Harvill (agora Random House) ten os dereitos de tradución ao inglés de *The Carpenter's Pencil* para todo o espazo anglófono, chegaron a un acordo para revenderlos á editorial Overlook Press de Nova York (exclusivamente para o mercado estadounidense). O 1 de maio de 2007 publicouse por primeira vez o libro nos Estados Unidos, nunha edición de tapas duras. A mesma editorial imprimiu o libro nunha segunda edición no verán do 2002, nesta ocasión en encadernación rústica.

⁸ A editorial Overlook, de Nova York, tirou tamén unha edición deste libro en tapa dura a finais de xullo de 2005 baixo o título de *Into the Wilderness*.

O médo de distribución destas obras é, en primeiro lugar, a rede de librarías británicas, en especial a cadea Waterstone's. Ademais, os libros están dispoñíbeis en internet, tanto mediante a páxina de Harvill ou Random House como mediante outras librarías virtuais. Por orde cronolóxica, a data abril de 2004, de *Butterfly's Tongue* editáronse 2000 exemplares, dos que se venderon 1870; de *The Carpenter's Pencil* editáronse 3.000 libros en tapa dura (*hardcover*), dos que se venderon 2.178, e outros 3.000 en encadernación rústica (*paperbacks*), vendéndose até o de agora 2.591; do libro *Vermeer's Milkmaid and Other Stories* fíxose unha tiraxe de 2.500 volumes, e venderon uns 1.200; e por último, editáronse 1.500 exemplares de *Into the Wilderness*, dos que se venderon 1.000. Como xa mencionei, tras a incorporación de Harvill ao grupo Random House, esta editorial quixo que os libros de Rivas publicados por Harvill se publicasen tamén na súa colección propia, baixo o selo comercial de Vintage, destinada a editar libros de ficción en encadernación rústica (*fiction paperbacks*), o que sen dúbida contribuíu a aumentar o número de vendas.

Cómpre dedicar unhas liñas a falar da promoción que se fixo dos libros de Harvill que, malia non ir a ningunha feira de lectura, si é de destacar que o libro de Rivas *The Carpenter's Pencil* foi escollido como lectura mensual recomendada pola cadea de librarías Waterstone's, polo que se expuxo nos andeis máis visíbeis da librería e formou parte de promocións do comercio. Ademais, o libro incluíuse na listaxe do premio literario internacional IMPAC e, a partir de entón, os sucesivos libros de Rivas que se traduciron levarían a etiqueta: "do autor d'O lapis do Carpinteiro".

As recensións en prensa son tamén parte esencial do conxunto que fai que unha lectora ou lector potencial finalmente se lance a ler un libro. E respecto dos libros publicados por Harvill, afirma Dunne que "as recensións de *The Carpenter's Pencil* foron moi eloxiosas. Creo que o que verdadeiramente lles gustou aos críticos/as foi ver unha obra que estivese traducida directamente desde o galego". Sobre *Vermeer's Milkmaid and Other Stories*, recóllense nas lapelas do propio libro as recensións de *Le Monde*, onde se dixo que Rivas era "an author who knows how to introduce poetry not just into his sentences but into his way of looking at the world" ("un autor que sabe como introducir a poesía non só nas súas frases, senón no seu xeito de ollar o mundo"), e do crítico John Berger, que comentou do autor coruñés que "he is an important story teller because he is sensitive and has an incredible ear, which, in his fiction, is allied to great integrity" ("é un narrador importante, pois é sensible e ten un incrível ouvido, o cal, en ficción, vai

unido, a unha integridade magnífica") (Rivas 2002: lapelas).

Planet vs. Harvill

Sometendo a análise o labor destas dúas últimas editoriais (Planet e Harvill) por seren as que máis volumes editoraron de obras galegas traducidas ao inglés, é posíbel establecer varios paralelismos e diferenzas. É evidente que ambas as dúas editoriais buscan publicar obras dunha boa calidade literaria, pero mentres que Bernie, de Planet, publica literatura galega en xeral polo seu compromiso cultural coas literaturas minoritarias, Cameron, de Harvill, publica obras do escritor galego que, de acordo con criterios comerciais, pode "vender" relativamente ben.

O papel dos tradutores e tradutoras destas dúas editoriais é ben diferente, tamén. Por unha banda, Patterson asegura ser

galeguista antes de nada. Considérome galeguista porque teño un compromiso con Galiza e coa cultura galega. Eu dedícolle a miña vida profesional ao estudo da literatura e da cultura galega con moito gusto, con moito honor e con moito pracer. [...] Desde o principio eu entendía a reivindicación da cultura galega como a reivindicación do 'outro', do 'alíen', ou sexa, como unha metáfora da tolerancia do outro que sexa distinto a nós. É a única causa na que realmente creo ao cento por cento: a necesidade de que triunfe a variedade sobre as máis intelixentes unificacións.

O tradutor afirma tamén que "a miña actividade como tradutor alicérase no meu compromiso co galeguismo, e traduzo para contribuír ao proceso de recuperación e difusión internacional da lingua galega" (Patterson 2006: 1). De xeito semellante, John Rutherford afirma que se traduce literatura galega é por "sentirme, a pesar do meu pasaporte, galego, e por estar convencido de que é necesaria conservar a nosa identidade como pobo". Pola outra banda está o labor, importante, do tradutor independente Dunne, que considera que é fundamental traducir o que as editoriais estean dispostas a traducir e o que o público estea disposto a ler, sexa no idioma que sexa, e continúa afirmando que o realmente importante para que se traduza unha obra é o autor/a máis alá da lingua na que este ou esta escriba, como, segundo el, demostra o feito de que sexa o tradutor de Carme Riera desde o catalán, de Enrique Vila-Matas desde o español e da poeta Tsvetanka Elenkera desde o búlgaro. Explica Dunne que

a min a editorial Random House píde-me que traduza autores ou autoras, non linguas, nin cul-

turas, nin literaturas determinadas [...] Confeso que eu non traballo para Galiza nin para a lingua galega, malia que apoio o uso do galego e a defensa da identidade galega. Eu traballo para traducir bos libros escritos por bos autores/as.

Respecto ás tiraxes, comparando de novo máis polo miúdo a Planet Books e a Random House, ambas as dúas venden os libros a través de Amazon e a través dos seus portais en internet. A diferenza fundamental entre elas radica en que Planet Books distribúe moi ben os seus libros nas librarías de Gales, a través do Welsh Books Council, pero apenas ten distribución fóra do territorio; mentres que Harvill e Vintage teñen a vantaxe de distribuír os seus exemplares nas grandes cadeas de librarías británicas como British Bookshops ou Waterstone's, que acaban sendo as que determinan os hábitos de lectura do público británico.

Finalmente, a editorial galega periférica Planet recibiu subvencións da Xunta para a publicación de *Things e Them* (aínda que non para *Wounded Wind*), mentres que a editorial londiniense Harvill recibiu axudas económicas do Goberno do Estado español para editar *The Carpenter's Pencil*, *Vermeer's Milkmaid and Other Stories* e *In the Wilderness*, é dicir, para todas as obras galegas que publicou agás *Butterfly's Tongue*.

Recepción das obras

É evidente que as políticas de edición dos diferentes grupos editoriais influen sobre a recepción das obras galegas por parte do público británico, como tamén inflúe o número de exemplares que se editasen, a imaxe social da editorial e da posición que ocupe no sistema literario (se é central ou periférica, por exemplo), e os estereotipos que sobre a cultura da obra orixinal se teñan ou o papel da prensa e da crítica.

Ademais diso, a recepción e percepción haina que contextualizar dentro dun mercado case inexistente de traducións no que as obras traducidas representan un 2 por cento do total de obras. Logo, os libros galegos teñen que buscar o xeito de facerse un oco nesa ínfima porcentaxe, co que o máis lóxico é pensar que só os libros galegos máis vendidos e de éxito de Galiza poidan entrar nel. Considérase Dunne que

de novo, o importante é o autor ou autora a quen se queira traducir e non a cultura minoritaria á que poida pertencer, a lingua na que escriba ou a literatura na que se enmarque a súa produción. Creo que os editores/as británicos amosan interese principalmente en traducir bos autores/as que saben que van vender. E se escriben en galego, pois vale.

Esta opinión non é totalmente compartida por Patterson, que opina que "con tanta literatura en lingua inglesa, un libro estranxeiro ten que ser algo orixinal, especial, insólito" (Patterson 2006: 5), e defende que

as grandes editoriais buscan os máximos beneficios coas traducións escollidas [...] e configuran a mercadotecnia dun certo libro segundo os gustos do mercado establecido e das posibilidades de vender máis, sen se arriscaren a crear novos escenarios comerciais, nos que si habería maiores posibilidades de transmisión cultural e dunha representación máis fiel da identidade cultural orixinaria (Patterson 2006: 6).

No que atinxe á acollida das obras obxecto de análise por parte do público das illas, di Patterson que "non houbo moita recepción en Londres, porque o mercado británico está moi ocupado consigo mesmo e é moi difícil interalo en linguas e culturas minoritarias que non estean de moda" (cultura galega.org 2002). O mesmo opina Bernie cando sostén que "o pobo británico é moi resistente á literatura traducida, que resulta moi difícil de promover e de vender", e John Rutherford, que é rotundo: "O público inglés non quere saber nada de culturas que non coñece". Xustamente o contrario argumenta o tradutor de Rivas, Dunne: "Creo que o público británico é moi receptivo á creatividade doutros/as. Tan só teño notado receptividade nese aspecto. Para min, é un malentendido típico dicir que os británicos son pechados". Na miña opinión, a recepción das obras galegas non é tan boa como argumenta Dunne, para empezar porque o sistema literario británico é forte e non ve necesaria a importación literaria como forma de innovación, senón como un estorbo que lle está quitando o sitio a un libro do propio sistema británico. Coido que hai moitas persoas que non ven necesario ter curiosidade por unha literatura allea ao mundo editorial multinacional en inglés no que, como sostén Patterson, "a media ducia de líderes editoriais e cadeas de librarías globalizadas controlan as prácticas lectoras da xente" (Patterson 2006: 9). Debo admitir, con todo, que hai excepcións, case sempre por parte de colectivos moi concretos e sensibilizados coas literaturas minoritarias, como demostra o feito de que

Ferrin influence can early be seen in the work of younger Celtic writers such as Robin Llywelyn and Twm Morys in Wales, and it is to be hoped that Planet [...] will succeed in bringing the work of this outstanding European literary figure to the notice even of the notoriously insular English-language audience (Meic Llewellyn, 2000).

(a influencia de Ferrín pódese ver facilmente na obra dos máis novos escritores/as celtas como Robin Llywelyn e Twm Morys en Gales, e desexo que *Planer* [...] teña éxito en darlle a coñecer a obra desta excepcional figura literaria europea mesmo á máis insular audiencia anglófona).

En definitiva, os resultados na audiencia son imprevisibles, e non obedecen en boa medida a ningunha lei do sentido común ou estratexia comercial anticipada. Isto é debido a que o público receptor da tradución fai “unha lectura fóra de lugar e ás veces tamén a destempo, marcada pola distancia xeográfica e temporal entre o público orixinal e o público estranxeiro” (Figuroa 1996: 27). Así, tende a ser unha literatura observadora e non participativa, malia que ás veces xorden reflexións sobre os elementos estraños e descoñecidos do texto facendo que verdadeiros elementos referenciais se convertan en ficcionais ou desaparezan, creando elementos onde non os hai ou convertendo en referenciais elementos ficcionais.

O papel subversivo da tradución

Hai que contextualizar as políticas de edición dentro das relacións concretas e específicas que se dan entre a literatura galega e o sistema literario británico. Recorrendo ás cifras, en Galiza expórtase pouca literatura, e dela unha parte pequena vai ao Reino Unido. E no Reino Unido, como veño de sinalar, impórtase tan só o 2 por cento da literatura, da que a galega representa unha infima parte. Precisamente ao ser tan reducido o número de traducións ao inglés desde o galego, neste sistema minoritario as relacións co estranxeiro valóranse polo seu contido pero tamén simplemente como feito. Isto quere dicir que, malia que a literatura galega traducida ao inglés poida non ter un excesivo impacto sobre a audiencia británica (porque o sistema literario británico é forte e non ve necesaria a importación literaria como innovación), si ten un importantísimo impacto simbólico sobre a audiencia galega, que ve como as súas obras adquiren prestixio ao seren traducidas a outros idiomas. Así, a relevancia que para a literatura galega ten a tradución cara a outras literaturas radica en que, tratándose dun campo literario minoritario, a exportación literaria e/ou cultural (de calquera tipo que sexa) contribúe á existencia e á reafirmación do propio sistema literario e/ou cultural. Exportamos para dármonos a coñecer e recoñecer no mundo, pero tamén para recoñecernos a nós mesmos/as como literatura propia e soberana, independente.

Á fin de contas, estamos a ver a relación entre “unha literatura sen estado nacional e cunha autonomía do campo literario que aínda está en cues-

tion” (Figuroa 2001: 130) e a literatura do Reino Unido, un sistema forte. Como afirma este autor “hai literaturas débiles e fortes, dominadas e dominantes, ameazadas e seguras, con complexos de inferioridade e de superioridade” (Figuroa 2001: 140) e, en definitiva, minorizadas e normalizadas. Entre estas literaturas ten lugar, a maior parte das veces, unha dominación simbólica de xeito que as relacións culturais que entre elas teñen lugar son asimétricas, ao seguiren o modelo asimétrico das relacións políticas. E na maioría das ocasións, tamén, as actitudes que se adoptan en cada sistema literario para percibir ao outro difiren: decote, o sistema literario minoritario (o galego, neste caso) ten unha actitude de humildade cara ao maioritario, mentres que este último (o británico, en particular) ten máis ben unha actitude de condescendencia e arrogancia (Figuroa 2001: 141). Desta diferente aproximación ao outro/a outra dá conta Paterson cando fala do humor: “O humor inglés é moito o humor do conquistador, do imperialista. Non todo, pero si moito. Mentres, o humor galego é o do asoballado, o do desprezado, un humor evasivo, defensivo” (culturagalega.org 2002).

Xustamente neste punto, a tradución de obras literarias galegas ao inglés pódese converter nunha ferramenta subversiva coa que cambiar a orde establecida de sistema maioritario asoballador do minoritario para así, nun segundo paso, acabar co sentimento de inferioridade que teñen parello as literaturas minoritarias coma a galega. Pero ademais de cuestionar as relacións de poder entre sistemas maioritarios (británico) e minoritarios (galego) e de facer resoar a voz dos pobos oprimidos, a tradución como ferramenta subversiva contribúe tamén a demostrar a necesidade de contar cunha revisión da Teoría da Tradución, de xeito que teña máis en conta as literaturas minoritarias. En palabras de Xoán González-Millán,

ao percibir o acto da tradución como unha interpretación e unha lectura cultural dun texto pertencente a un espazo cultural distinto, empregando dúas linguas con estatutos culturais diferentes, ábrese a porta a unha Teoría da Tradución baseada na experiencia social da desigualdade (González-Millán 1994: 65).

Así mesmo, contribúe a cuestionar esa gran falacia do pluriculturalismo que manifesta que os diferentes sistemas culturais conviven ao mesmo nivel e a pór en evidencia que existen literaturas e culturas de primeira e de segunda. Para facer isto visíbel, e recorrendo ás teorías poscoloniais, a tradución debe producir un impacto na audiencia que apele á súa consciencia, mostrando as especificidades do orixinal e sen “asimilar” o seu contido. Segundo Eva

Espasa, “the need or will to appeal to audiences usually involves a tension between foreignization and domestication” (“a necesidade ou vontade por chegarlas ás audiencias decote implica unha tensión entre estrañamento e domesticación”) (Espasa 2000: 49), e para ver como se articula esta tensión, cómpre citar a Maria Tymoczko cando fala da estratexia de “desfamiliarizar” en contraposición a “asimilar”, conceptos que define como a escolla entre

a fairly aggressive presentation of unfamiliar cultural elements in which differences, even ones likely to cause problems for a receiving audiences are highlighted [...] or an assimilative presentation in which likeness or universality is stressed and cultural differences are muted and made peripheral to the central interests of the literary work (Tymoczko 1999: 21).

(unha presentación realmente agresiva dos elementos culturais cos que a audiencia non está familiarizada, na que se poñen de relevo as diferenzas, mesmo aquelas que poidan provocar problemas na audiencia meta [...] ou unha presentación asimiladora na que se destaca a semeianza ou a universalidade e na que as diferenzas culturais se silencian e se converten en periféricas para os intereses centrais da obra literaria).

Ovidi Carbonell i Cortés prefere falar de “estrañar” en contraposición a “familiarizar” (Carbonell i Cortés 1997: 67). E Javier Franco sostén que as dúas estratexias para abordar a tradución dun texto culturalmente distante poderían ser denominadas como “conservación”, a aceptación da diferenza mediante a reprodución dos símbolos culturais do texto orixe, e “naturalización”, a transformación da *otherness* na réplica cultural (Franco 1996: 53).

Só coa estratexia do “estrañamento”, “conservación” ou “desfamiliarización” se pode amosar unha realidade (a galega) co valor e potencial que ten por si mesma, e non desde o prisma británico. Ademais, tendo en conta que “the choice between these two strategies will show, among other factors, the degree of tolerance of the receiving society” (“a escolla entre estas dúas estratexias mostrará, entre outros factores, o grao de tolerancia da sociedade receptora”) (Franco 1996: 53), resulta enriquecedor atribuírle á tradución do galego ao inglés a función de instrumento que sirva para incrementar o nivel de comprensión do alleo e diferente nunha comunidade como a británica, tradicionalmente acollidora de inmigrantes, que debe abrirlle espazo a estas novas diferenzas para contribuír a entendelas. En definitiva, sosteño que na tradución literaria de galego a inglés debería defenderse unha estratexia de resistencia porque

resistant strategies can help to preserve the linguistic and cultural difference of the foreign text by producing translations which are strange and estranging, which mark the limits of dominant values in the target-language culture and hinder those values from enacting an imperialistic domestication of a cultural other (Venuti 1992: 13).

(as estratexias de resistencia poden axudar a preservar a diferenza lingüística e cultural do texto estranxeiro na medida en que xeran traducións que son estrañas e distanciadas. Así, determinan os límites dos valores dominantes na cultura da lingua meta e dificultan que eses valores promulguen unha domesticación imperialista do/da outro/a cultural).

Con todo, neste desexo de exportar a literatura propia debemos ter a precaución de que non se caia no exotismo, pois “cando unha cultura é descoñecida hai tendencia á exotización ou á interpretación exótica do produto” (Figuroa 2001: 161), con todos os estereotipos que leva canda si e que “distorsionarán” tamén o valor da literatura como ben en si mesmo⁹.

Retos de futuro

Partindo do presuposto de que canta máis proxección exterior se lle dea á literatura galega máis prestixio adquirirá tamén en Galiza, resulta doado chegar á conclusión de que se debe promover a difusión e o coñecemento da nosa literatura noutras linguas e sistemas culturais. E neste punto destacan os proxectos de futuro dos que dan conta a filóloga estadounidense Kathleen March, Erin Moure en Canadá, e outras editoras/es e tradutoras/es que se concentran en Gran Bretaña. Alí, Paterson prepara a tradución do *Sempre en Galiza* de Castelao, e a tradutora Kirsty Hooper, xunto a John Rutherford e a Manuel Puga, prepara un volume recopilatorio de relatos curtos que se titulará *Contemporary Galician Short Stories*¹⁰.

Volvendo ao presente, e partindo da coñecida situación actual en canto a traducións de obras literarias galegas publicadas no Reino Unido, non

⁹ Un exemplo de como se pode exportar o exotismo témolo na editorial londiniense Everyman (Orion Books) que cando en 1996 publicou *Merlin and Company* considerándoo unha xoia da literatura española, fixoo porque lles parecía que o mito de Merlín era realmente exótico.

resulta moi difícil lanzar previsións sobre o futuro que lle espera á nosa literatura nas illas británicas. En palabras de John Rutherford, "futuro económico, ningún. Agora futuro estético, marabilloso". Dunne, pola súa banda, é lixeiramente máis optimista e afirma que o futuro da tradución de obras galegas ao inglés "depende completamente da calidade dos autores ou autoras. Non se debe caer no erro de avaliar unha lingua por riba dun(ha) autor(a). É o autor/a quen conta, non a lingua na que escriba".

Pola contra, eu considero que non sempre é como asegura Dunne, e a proba está en que todos os esforzos de Barnie para que algunha editorial de Londres se interesase por publicar o libro *Them*, de Méndez Ferrín, resultaron baldíos, aínda a sabendas de que o escritor galego estaba proposto para o Nobel e era (e é) unha das figuras máis representativas da literatura galega na actualidade. Daquela, hai casos nos que si existe a calidade dos autores, pero as editoriais semellan non querer "sacarlle partido" (ou non saber como). E igual que Londres non está interesada en publicar a Ferrín, tampouco Londres recolle nos seus medios de comunicación as recensións favorábeis a este autor que se publicaron na prensa de Gales.

Daquela, nas mans de quen está o futuro das traducións de obras galegas ao inglés? A pregunta clave ten varias respostas posibles.

O futuro do sector non semella estar nas mans das editoriais británicas, salvando quizais o caso de Planet (que ten un claro compromiso cultural coas literaturas minoritarias, pero a difusión das súas obras é periférica), cuxo editor afirma que "neste momento, non estamos a considerar ningún libro en concreto, mais por suposto que estamos interesados/as en colaborar con John Rutherford de novo". E doutra banda, é certo que Harvill está decidida a seguir publicando obras de Rivas desde que o seu editor Cameron o descubriu, por casualidade, pero faríao igualmente se Rivas non pertencese a un sistema minoritario. E é certo tamén que Harvill non parece moi entusiasta acerca de buscar novos autores galegos "publicábeis" (quizais polas condicións actuais da empresa, pertencendo a un gran grupo, Random House, que lle impón limitacións). A xulgar polo anterior, o que pode buscar Harvill é, xustamente, autores que foran éxitos de vendas en Galiza e no Estado español, para ter así unha mensaxe que ofrecerlle ao público británico: "bestseller in Spain". En definitiva, "se se pretende normalizar a situación da literatura galega vendida no mundo anglófono, a transformación das [políticas] editoriais británicas é sumamente importante e urxente" (Patterson 2006: 4)¹¹. Ademais, cómpre ter en conta que a maneira de traducir no Reino Unido "non é sistemática nin planificada desde o

punto de vista estratéxico ou comercial, e con demasiada frecuencia un só escritor representa toda unha cultura enteira" (Patterson 2006: 9).

As tradutoras e tradutores si poden desempeñar un papel determinante en mellorar a situación da literatura galega, con iniciativas puntuais e con propostas de traducións a diferentes editoriais (aínda sendo conscientes de que no mercado británico só o 2 por cento dos libros son traducións de obras estranxeiras, e de que é nesa estreita porcentaxe onde teñen que buscar un sitio). No entanto, hai unha serie de factores que están a dinamitar calquera iniciativa particular e persoal de tradutoras e tradutores que tamén se dediquen á investigación no Reino Unido. Para comezar, está o Research Assessment Exercise (RAE), o organismo encargado de avaliar a actividade investigadora de profesoras/es universitarios neste país e de recoñecer máis ou menos prestixio a cada un dos departamentos das facultades segundo a puntuación que obtéñan. Dentro dos criterios de avaliación do RAE, a tradución non é valorada máis que como "un pasatempo ou compromiso persoal" (Patterson 2006: 10), en lugar de recoñecerse o esforzo e dedicación que esixe esta actividade culturalmente imprescindible. O exemplo é que John Rutherford, tradutor de *El Quijote* e *La Regenta* ao inglés, non recibiu recompensa académica ningunha polo seu traballo. En definitiva, o RAE desanima ao persoal universitario e investigador na área das humanidades e da lingüística a facer novas traducións, porque para este organismo, en termos estritamente avaliativos, traducir equivale a non facer nada.

Outro factor que desanima a tradutores/as a tomar iniciativas é que a tradución literaria non é un traballo economicamente (moi ben) recompensado como consecuencia de que as leis do *copyright* que imperan na actualidade restrinxen moito o control que exerce o tradutor/a sobre o texto traducido, pois os seus dereitos están supeditados aos do autor/a. Así Dunne recibiu "soamente un pagamento (nada espectacular) e sen posibilidade de gañar máis consonte as vendas por cada obra traducida desde o galego" (Patterson 2006: 9). En definitiva, son as editoriais as que dirixen os proxectos de tradución, e os/as tradutores/as, desanimados/as por tan adversa situación económica, perden o incentivo de investir o seu tempo e habilidades nestes tipos de proxectos.

En resumo, conséstase unha carencia de recompensa académica e unha carencia de recompensa económica axeitada.

Para que a situación mude completamente e se potencie a expansión da literatura galega no Reino Unido (e noutros lugares do planeta en xeral), hai que tomar iniciativas que sexan aplicadas conxuntamente desde o Reino Unido e desde

Galiza, de xeito que leven a unha valoración académica e económica axeitada do labor profesional da tradución. Isto pódese incentivar con alicientes como premios de prestixio de tradución do galego ao inglés; creando recursos e materiais de traballos de tradutoras/es de galego a inglés; e tamén abrindo e afondando en novas liñas de investigación e estudo sobre este tema, partindo, por exemplo, de traballos coma este que buscan xustamente sentar as bases para investigacións posteriores.

Desde o estranxeiro, en particular, habería que fomentar a presenza de libros galegos traducidos a inglés nos foros internacionais e promover os estudos galegos, mentres que desde Galiza se debería promover a difusión e o coñecemento da literatura galega no espazo anglófono en xeral (na literatura británica, estadounidense, australiana) mediante políticas de apoio á tradución en inglés, onde entra en xogo o papel da Xunta de Galicia e das diferentes administracións provinciais, locais, etc. Desde a Xunta, por exemplo, poderíanse convocar subvencións para que editoriais estranxeiras espallasen a literatura galega polo mundo, ademais de subvencións para alentar as editoriais galegas a vender os dereitos de tradución das súas obras. Tamén os organismos competentes deberían promover a creación de cátedras de lingua e literatura galegas en universidades estranxeiras, e dotar de máis e mellores fondos e recursos aos centros galegos que existen na actualidade.

As editoriais galegas, sabendo que desempeñan un papel vital para o futuro da literatura galega, deberían darlles a coñecer a outras editoriais británicas as súas novidades, para tentar buscar a sorte e, igual que Cameron oñu falar de Rivas, outros/as editores/as británicos escoiten falar de literatos e literatas de Galiza. Un bo xeito de contactar con casas editoras do Reino Unido sería asistindo cada vez máis, e de xeito máis organizado, ás feiras de libros internacionais. O seguinte paso para as editoriais galegas sería facilitar a venda de dereitos de tradución.

Pero para contribuír a paliar a falta de planificación das editoriais británicas, e para non deixar que sexan as casualidades as que decidan qué literatura galega se pode ler no exterior, desde Galiza poderíase influir creando unha entidade con responsabilidade para decidir que obras galegas si deben e teñen que traducirse. E así, paréceme atinado citar a Patterson cando propón que

movería e que os vendería ao estilo Amazon. [...] Trataríase de distribuír os textos galegos traducidos á marxe dos grandes grupos editoriais existentes no Reino Unido (Patterson 2006: 11).

En definitiva, fica moito por andar para conseguir mellorar a situación da nosa literatura traducida ao inglés. Pero agora coñecemos un posíbel camiño ■

en conexión con institucións galegas xa existentes, como a Xunta ou o Consello da Cultura Galega, cómpre crear unha sociedade anónima, dotada de páxina web, que contrataría a tradución deses textos galegos ao inglés, que os pro-

¹⁰ Outro proxecto innovador e digno de mención, aínda que non relacionado coa literatura galega de forma directa, é o libro de autoaprendizaxe do idioma galego para persoas anglofalantes *Teach Yourself Galician*, que na actualidade preparan Patterson, Gabriel Rei-Doval e Kerry McKevitt.

¹¹ Cursiva miña.

Referencias bibliográficas

- Cabrera, María Dolores (1993). *Editar en Galicia*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura e Xuventude da Xunta de Galicia.
- Carbonell i Cortés, Ovidi (1997). *Traducir al Otro: Traducción, exotismo, postcolonialismo*. Cuenca: Publicaciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.
- Casares, Carlos (1998). "I'm going to be blind". *Donaire*, novembro 1998, nº 11: 81-82. ["You quedar cego". Tradución do galego de Tony Escasany].
- (2004). *Wounded Wind*. Aberystwyth, Gales: Planet Books. [*Vento Ferido*. Tradución do galego de Rosa Rutherford].
- Cultura Galega.org [2002]. "Craig Patterson: Eu son galeguista antes de nada". *Cultura Galega.org*, 18/07/2002. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Consulta: 05.04.2005. http://www.culturagalega.org/temadia_arquivo.php?id=1603
- Cunqueiro Mora, Álvaro (1996). *Merlin and Company*. Londres: Everyman. [*Merlín y familia*. Tradución desde o español de Colin Smith].
- Denis, rei de Portugal (1997). "Song about Provençal Poets". *Donaire*, xuño 1997, nº 8: 91. ["Cantiga dos poetas provençais". Tradución do galego de Richard Zenith].
- Espasa Borrás, Eva (2000). "Performativity in Translation: Speakability? Playability? Or just saleability?". *Moving target. Theatre Translation and Cultural Recolocation*. Ed. por Carole-Anne Upton. Manchester: St. Jerome Publishing. 49-62.
- Figuroa, Antón (1996). *Lecturas alleas. Sobre das relacións con outras literaturas*. Santiago: Sotelo Blanco.
- (2001). *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Xerais.
- Franco Aixelá, Javier (1996). "Culture Specific Items in Translation". *Translation, Power, Subversion*. Ed. por Román Álvarez e Carmen-África Vidal. Clevedon: Multilingual Matters Ltd. 52-78.
- González-Millán, Xoán (1994). "Cara a unha teoría da tradución para sistemas literarios 'marginais'. A situación galega". *Vicversa. Revista galega da Tradución* 1: 63-72. [Tradución do inglés de Silvia Carril Caldelas e María Sola Bravo].
- Llewellyn, Meic [2000]. "Them". *Celtic Cultural Studies, an Interdisciplinary Online Journal*. Consulta: 30-III-2005. <http://www.celtic-cultural-studies.com/reviews/ferrin.html>
- Loureiro, Ramón [2002]. "Craig Patterson: A lingua galega é un dos tesouros que non morrerán xamais". *La Voz de Galicia* 21-VII-2002. *Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia*. Consulta: 15-III-2005. <http://www.xornalistas.com/html/ga/ver.nova.html?n=1081>
- Méndez Ferrín (1996). *Them and Other Stories*. Aberystwyth, Gales: Planet Books. [Tradución do galego de John Rutherford, Xels de Toro e Benigno Fernández Salgado].
- Orion Publishing Group [1996]. "Merlin and Company". *Orion Books*. Consulta: 26-III-2005. <http://www.orionbooks.co.uk/MP-3300/Cunqueiro-Merlin-&-Company-.htm>
- Patterson, Craig (2006). "Traducir Castelao ó inglés: desafíos de difusión e recepción no mundo anglófono". *A Trabe de Ouro*. [No prelo].
- Pérez Sánchez, Manuel Antonio (1997). "Navy Bar". *Donaire*, xuño 1997, nº 8: 90. ["Navy Bar". Tradución do Translation Workshop of the Centre for Galician Studies de Oxford].
- Rivas, Manuel (2000). *Butterfly's Tongue*. Londres: Harvill Press. [Tradución do español de Margaret Jull Costa e do galego de Jonathan Dunne].
- (2001). *The Carpenter's Pencil*. Londres: Harvill Press. [*O lapis do carpinteiro*. Tradución do galego de Jonathan Dunne].
- (2002). *Vermeer's Milkmaid: And Other Stories*. Londres: Harvill. [*Que me queres, amor?*. Tradución do español de Margaret Jull Costa e do galego de Jonathan Dunne].
- (2003). *In the Wilderness*. Londres: Harvill Press. [*En salvaxe compañía*. Tradución do galego de Jonathan Dunne].
- Rodríguez Castelao, Daniel Alfonso (2000). *Things*. Aberystwyth, Gales: Planet Books. [Tradución do galego de Craig Patterson, Kirsty Hooper, Isabel Mancebo Portela, Manuel Puga Moruxa].
- Rodríguez Fer, Claudio (2000). "Beyond and Other Poems". *Galician Review*, 1999-2000, nº 3-4: 105-132. ["Máis alá e outros poemas". Traducido do galego por Diana Conchado, Kathleen March, Julian Palley e Jonathan Dunne].
- Tymoczko, Maria (1999). "Post-colonial Writing and Literary Translation". *Post-Colonial Translation. Theory and Practice*. Ed. por Susan Bassnett e Harish Trivedi. Londres e Nova York: Routledge. 19-40.
- Venuti, Lawrence (1992). "Introduction". *Rethinking translation: Discourse, Subjectivity and Ideology*. Ed. por Lawrence Venuti. Londres e Nova York: Routledge. 1-10.
- (1998). *The Scandals of Translation. Towards an Ethics of Difference*. Londres: Routledge.
- Wulff Alonso, Enrique & Cebrián, María Jesús, dir. (1998) [1993]. *Donaire*. Londres: Embajada de España, Consejería de Educación en Reino Unido e Irlanda. Consulta: 3-IV-2005. <http://www.sgcj.mcc.es/uls/Pub/Don/>
- Zenith, Richard (1995). *113 Galician-Portuguese Troubadour Poems in Galician-Portuguese and English*. Manchester: Carcanet. [Tradución do galego de Richard Zenith].